

## **O medio ambiente urbano e o desenvolvemento sostible (I)**

ENRIQUE LÓPEZ VEIGA\*

Estamos a asistir nos derradeiros tempos a un debate sobre a necesaria ampliación das facilidades de descarga no porto de Vigo na zona do Areal, no que se están a utilizar unha serie de argumentos que moitas veces son unha clara distorsión do que se di ou dos datos existentes, que poden acabar facendo daño á nosa cidade, porque poden levar á sociedade viguesa a decisións das que se derive unha repercusión moi negativa para o seu futuro.

Considero pois da miña responsabilidade contribuir, na medida das miñas posibilidades, a introducir raciocinio nesta controversia. En primeiro lugar, quero sinalar que o que está en xogo é o proxecto de ampliación do Porto de Vigo, polo que falar somentes do recheo pode resultar simplista, ou cando menos un tratamento somentes parcial do proxecto integral. Non vou polo tanto a falar doutros proxectos de actuación no litoral da Ría porque de momento non veñen ó caso, nen teñen a repercusión sobre a economía viguesa como o do Areal. Cada cousa ó seu tempo.

Pero creo que é convinte facer unha reflexión xeral sobre o problema que sempre existe nas sociedades modernas, representado pola alteración do medio ambiente e o desenvolvemento industrial urbanístico ou de calquera outro tipo. No mundo plenamente industrializado e desenvolvido no que vivimos, é impensable concebi-la civilización sen alteracións ó medio ambiente pero por fortuna, resulta tecnicamente posible asegura-lo máximo desenvolvemento industrial sostible, co mínimo impacto ambiental, e precisamente no xusto equilibrio dámbolos dous parámetros é onde a sociedade industrializada poderá garantir ós cidadáns unha vida máis comfortable e de máis calidade.

A sociedade actual está ante o reto de reconcilia-lo desenvolvemento económico e a protección ambiental. Trátase dun desafío serio, pero non insuperable. A dinámica do mundo desenvolvido no que vivimos conleva a grandeza inherente ó progreso, pero tamén, como é lóxico, a servidume de intervencións no medio natural. Negar esta realidade sería nega-la evidencia e sería tan absurdo como opoñerse á evolución das sociedades.

¿Quén, a estas alturas, se cuestiona a xeneración de enerxía? Representa, por suposto, un sacrificio en termos medioambientais. Hai que facer encoros, hai que levar muiños ós montes, pero todo elo é un sacrificio que é necesario facer, a menos que queramos retroceder a época preindustrial. É imposible pretender bienestar, sen alteración do medio natural. Hai que procurar que o benestar perdure e non sexa transitorio, e que a alteración medioambiental sexa soportable.

Pero é que, ademais, o home necesita altera-lo ambiente que lle rodea para poder vivir mellor del. As propias cidades son unha das meirandes alteracións e degradacións, se se quere, do medio ambiente, que superan con creces o do proxecto do que falamos. E digamolo sen rodeos: hoxendía a máis grande ameaza potencial das Rías non procede das obras civís como espigóns, portos ou recheos de zonas do litoral, senon da polución urbana.

Pretender no século XXI que a Ría de Vigo permaneza en estado virxe é un sinsentido. A Ría de Vigo está fundamente urbanizada: en torno á mesma viven máis de medio millón de habitantes que aspiran a que os seus núcleos urbáns melloren, sendo constantes as peticións de paseos marítimos, portos para abrigo das embarcacións de pesca ou

deportivas, e recheos. Todas estas intervencións implican unha alteración do medio ambiente.

Pero calqueira obra que se faga en torno a Vigo é unha degradación do medio ambiente: por exemplo, os polígonos industriais son unha alteración tan irreversible como o que se pretende coa ampliación do Areal, pero é evidente que non parece sensato cuestionar-la necesidade da construción dos mesmos, precisamente para permiti-lo progreso da cidade, a loita contra o desemprego e o crecemento económico. O mesmo paseo de Samil é outra alteración do medio pero é necesario para permiti-lo esparcemento da poboación viguesa.

Pero no caso que nos ocupa estánse a utilizar argumentos que son falsos. Non é certo que Vigo viva da súa Ría. Vigo vive fundamentalmente da súa industria e dos seus servicios e eu lamento moitísimo que algunhas persoas que exercen a investigación se poidan prestar a que este tipo de argumentos proliferen. Incluso a pesca desembarcada no noso porto procede fundamentalmente doutras áreas lonxanas e certamente a industria do procesamento do peixe, depende do que se importa ou se transporta, por vía marítima de augas lonxanas. Son outras localidades da Ría as que dependen en moita maior medida do que se pesca ou se marisquea na propia Ría, como Redondela, Arcade ou Moaña, que, por certo, tamén teñen recheos nos seus portos.

Pero ademáis é falso que o citado proxecto vaia producir consecuencias catastróficas para a Ría, e moito máis falso é dicir que nesa área, que non é máis que unha dársena, ou no seu entorno, haxa importantes caladoiros de pesca ou bancos marisqueiros. O único efecto que pode producir dita ampliación sería unha alteración de parte das correntes da Ría que podería ou non producir efectos negativos. O único estudo feito ata agora dí claramente que non, e non coñezo ningún outro. Os comentarios rigurosos do Instituto Español de Oceanografía fan unha serie de recomendacións que non dubido serán tidas en conta no momento no que o Ministerio de Fomento decida o proxecto final.

Por suposto, de auténtico disparate teño que califica-las opinións que ligan as posibles influencias do proxecto nas poboacións de sardiña ou no descenso das capturas de peixe, que obedece máis á sobrepesca que a outras causas. Ditas opinións non son máis que argumentos puramente demagóxicos, pero que levadas á creencia da opinión pública poden conducir a tomas de postura mal baseadas. En todo caso, os que din que o proxecto terá consecuencias catastróficas nin teñen especificado cáles serán as ditas consecuencias, nen presentaron ningún estudo específico ó respecto. E que conste que aínda hai tempo de sobra para facelo antes de que empecen as obras.

Neste primeiro artigo, dunha serie de tres, únicamente desexo chama-la atención ó feito de que é imposible pretende-lo desenvolvemento económico e o progreso sen alterar, e sempre de xeito importante, o medio ambiente. Agora ben, as sociedades poden decidir libremente, e Vigo tamén, qué precio están dispostas a pagar polo desenvolvemento, en definitiva, decidir sobre a harmonización entre o desenvolvemento urbano/industrial e o medio ambiente.

Creo persoalmente que non se trata de poñer barreiras ó desenvolvemento, senon de que éste se leve a cabo coas máximas garantías de respecto ó medio, ocasionando o mínimo impacto posible. O maior desafío é lograr que as cidades poidan compaxinar-la competitiva demanda de crecemento económico coa protección medioambiental. E esa é a disxuntiva á que se enfrenta a cidade de Vigo: facer crece-lo seu porto para que sexa máis competitivo, observando o necesario respecto á protección medioambiental. E eso, afortunadamente, é tecnicamente posible.

Tampouco convén olvidar que Vigo e a súa comarca aínda teñen desemprego, e o aumento das oportunidades de emprego só pode vir polo crecemento económico que proporcionan a industria e os servicios. Non é que o sector servicios de Vigo non poida

medrar, senon que nunca medrará de xeito significativo se non medra a industria, e a industria non medrará se o porto non crece. E isto é o que sempre mantiven ó respecto e ningunha outra cousa.

Entendo que o proxecto de ampliación do Areal cumpre con estas condicións de xenerar emprego e respecta-lo medio ambiente. Tamén acepto que poida haber outras opinións ifaltaría máis!. Incluso acepto que o meu punto de vista poidese ser minoritario e se a cidade rechazase este proxecto, estaría no seu dereito; pero eu manteño que sería unha moi seria equivocación que traería serias consecuencias económicas á cidade.

Son conscente de que é moito máis "rendible" en termos de popularidade ser máis ecoloxista, e sei que a miña opinión pode facerme perder "puntos" incluso entre os meus amigos, pero eu non durmiría tranquilo se non espuxese con sinceridade o que, persoal e honestamente, creo que é mellor para a sociedade viguesa e para Galicia. Pido que, polo menos, se presuma a miña boa fe. O que teña outra opinión que a expoña.

\* Conselleiro de Pesca e  
Asuntos Marítimos